

## EMENDAS AOS ORZAMENTOS DA XUNTA PARA 2020

### Santiago de Compostela

---



1. **Recurso habitacional para a saída da violencia de xénero** +500.000 €
2. **Novo centro de saúde en Conxo** +2.500.000 €
3. **Novo parking no CHUS** +5.000.000 €
4. **Casa de Familia e Centro integral de día para menores Santiago** +1.000.000 €
5. **Vivenda pública en réxime de alugueiro** +2.000.000 €
6. **Incorporar Santiago ao plan Rexurbe** +1.000.000 €
7. **Parque de vivendas do IGVS para persoas sen fogar “Housing First”** +500.000 €
8. **EDAR da Silvouta** +400.000 €
9. **Nova Escola Oficial de Idiomas (EOI) para Santiago e comarca** +500.000 €
10. **Ampliación do Conservatorio de Música** +500.000 €
11. **Cidade da raqueta** +500.000 €
12. **Política de industrialización** +500.000 €
13. **Financiamento municipal: capitalidade e Consocio** +3.000.000 €

**TOTAL = + 17.900.000 €**

Compostela Aberta presenta 13 emendas aos orzamentos do goberno galego para o 2020, a través do grupo Común da Esquerda, que xiran ao redor de políticas que combatan as desigualdades e garantan os dereitos sociais da cidadanía na capital do noso país. Unha oportunidade para aumentar o benestar social e garantir políticas de emprego, medioambientais e que atendan problemas graves que existen en Santiago de Compostela como poden ser as da vivenda ou as da mobilidade, sobre todo na contorna do Hospital. Iniciativas que ademais velan polo alargamento de equipamentos na capital do noso país para dar resposta ás necesidades culturais, de formación ou deportivas da veciñanza.

En definitiva, unhas emendas que veñen a paliar as graves deficiencias e os ocos que o goberno de Feijóo mantén historicamente con Santiago de Compostela. Unha proposta que procura situar a Xunta de Galiza ao servizo das maiorías sociais, para colocar as persoas primeiro e para cumprir coa obriga da administración pública de implementar políticas publicas que se convertan en instrumentos para garantir a dignidade de todas as persoas e a igualdade de oportunidades.

**Santiago de Compostela, Novembro do 2019**

1. **Recurso habitacional para a saída da violencia de xénero +500.000 €**

Segundo datos da Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, en 2018 rexistráronse no partido xudicial de Santiago 230 denuncias por violencia machista, e nos seis primeiros meses de 2019, contabilizáronse xa 154 denuncias. Os colectivos feministas levan moitos anos reivindicando un recurso habitacional para as mulleres que, en Compostela e na comarca, sufran algún tipo de violencia. A día de hoxe e, en caso de violencia, non existe ningún recurso nin ningún lugar onde poidan recibir a atención precisa. A Xunta de Galicia abriu en 2014 un Centro de Recuperación Integral que non conta con servizo de acollida e que non está a dar o servizo que precisan as mulleres e que viña a resolver, sen éxito, o desmantelamento da casa de acollida de mulleres vítimas de violencia machista que se produciu no 2007. Un peche que non respondeu a falta de uso xa que as vítimas de violencia machista da cidade vense obrigadas a desprazarse ata a Coruña.

2. **Novo centro de saúde en Conxo +2.500.000 €**

O barrio de Conxo é unha das zonas do municipio con maior crecemento da súa poboación e a demanda dun novo centro de saúde (que atendería a arredor de 20.000 persoas) é compartida pola cidadanía e polo conxunto da corporación. Xa en 2008 Xunta e Concello asinaron un convenio para a súa construción e, en abril de 2011, púxose a disposición do goberno autonómico unha parcela para levalo a cabo. Unha década despois a demanda aínda é maior, polo incremento de habitantes do barrio e a ausencia de equipamentos sanitarios, non sendo suficiente o servizo que poida dar o Centro de Saúde de Galeras.

3. **Novo parking no CHUS +5.000.000 €**

O Hospital Clínico Universitario de Santiago da servizo a unha área de poboación de case 400.000 persoas. Desde a súa apertura, en 1999, quedou demostrado que o espazo de estacionamento resultaba insuficiente. Segundo os datos do SERGAS, ao contorno do CHUS acceden case 5.200 persoas só en horario de mañá. Esa deficiencia non se solucionou co aparcadoiro privado da Choupana, construído cunha concesión privada a moi longo prazo que fai que os seus prezos sexan os máis altos dos aparcadoiros dos hospitais galegos. O Goberno local ven mostrando a súa disposición a colaborar para solucionar estes problemas de estacionamento. Así, modificouse o PXOM para permitir a construción dun aparcadoiro de ata 530 prazas baixo un espazo público, xunto ao edificio CIMUS da USC. O goberno compostelán, no mandato anterior, ten posto estes terreos a disposición da Xunta, que debera asumir o financiamento do proxecto xa nos orzamentos de 2020, cunha partida de cinco millóns de euros para que se constrúa un estacionamento completo.

4. **Casa de Familia e Centro integral de día para menores Santiago +1.000.000 €**

A Lei de Dereito Civil de Galicia atribúelle á Xunta a competencia para a declaración da situación de desamparo das persoas menores que residan ou se atopen transitoriamente no territorio da Comunidade Autónoma galega. Para afrontar estas situacións é necesario contar con Casas de Familias e Centros de día de atención integral a menores. En Santiago dispoñemos de dúas Casas de Familia (Arela-Conxo; Dignidade-Roxos), dirixidas a menores en situación de desamparo procedentes de toda Galicia. A insuficiencia de prazas fai que menores de Compostela sexan

derivados a centros doutros municipios, provocando situacións de desarraigo familiar e dificultando o traballo integral con toda a familia. Precisamos, cando menos, dunha nova “casa de familia”, cunha capacidade máxima de oito prazas e na que os menores poidan estar instalados en vivendas normalizadas. Tamén se fai imprescindible a creación dun Centro integral de día para menores, que os axentes sociais veñen demandando desde hai máis de dez anos. Este equipamento favorecería o proceso de normalización das persoas menores en situación de desamparo ou conflito social.

**5. Vivenda pública en réxime de alugueiro +2.000.000 €**

Diante da actual crise da vivenda é necesario implementar políticas públicas de vivenda protexida e asequible tamén nos centros das cidades. A propia Constitución recoñece no seu artigo 47 este “dereito a unha vivenda digna e axeitada” e indica que “os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para faceren efectivo este dereito, regulando a utilización do solo de acordo co interese xeral para que se impida a especulación”. Ademais o artigo 27 do Estatuto recoñece como competencia exclusiva da Xunta de Galiza a “ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda”. Por todo o anterior, semella lóxico que a Xunta retome as políticas de promoción de vivenda pública que en Compostela poderían iniciarse habilitando e construíndo na parcela pública de 1.600 m<sup>2</sup> e valorada en 2,9 M€, propiedade do Instituto Galego de Vivenda e Solo que, desde 2003, esta reservada para 40 vivendas de promoción pública destinada a alugueiro -sen dereito a compra- para mozos de menos de 35 anos.

**6. Incorporación de Santiago ao plan Rexurbe +1.000.000 €**

A Xunta de Galicia vai adquirir inmobles en estado de abandono ou semiabandono nos cascos vellos de Ferrol, Betanzos, Ribadavia, Ourense e Tui para proceder á súa rehabilitación a través do Plan Rexurbe. Un plan para a recuperación de cascos históricos de diferentes vilas e cidades galegas -nas que non está incluída Santiago- e coa que, o Instituto Galego da Vivenda e Solo convoca un concurso público no que os propietarios interesados poderán ofrecerlle os inmobles da súa propiedade para que sexan adquiridos polo IGVS. Nestas vilas e cidades a Xunta realiza unha oferta pública de adquisición, mediante compra, de inmobles situados nos seus núcleos históricos para a construción de edificios de vivendas ou para a súa rehabilitación. Semella que non ten demasiada explicación que o goberno galego non estenda este plan a outros cascos históricos do país, entre eles o de Santiago de Compostela, o único recoñecido como patrimonio da humanidade en Galiza.

**7. Parque de vivendas do IGVS para persoas sen fogar “Housing First” +500.000 €**

No último mandato municipal o goberno de Santiago inicio unha unha liña de actuación cun gran esforzo, no marco das súas competencias e en colaboración coas entidades sociais, para mellorar as condicións de vida das persoas sen fogar. Un dos proxectos máis ambiciosos é o Centro de Atención Integral para Persoas sen Fogar, que se preveía localizar en Belvís e que contaba con fondos europeos procedentes da EDUSI. Antes diso, dende o 2015 o Concello de Santiago puxo en marcha 3 pisos municipais, que seguindo o modelo *Housing First* que recomenda a Estratexia do Estado para persoas sen fogar para o período 2015-2020, funcionan como vivendas de saída

para persoas sen fogar con problemas de saúde mental. A Xunta de Galicia, que é quen ten a competencia en vivenda, debera poñer en marcha vivendas autonómicas de saída seguindo este mesmo modelo. Na actualidade estímase que en Compostela viven entre 30 e 40 persoas sen fogar, polo que serían precisas un mínimo de 20 vivendas para poñer en marcha o modelo *Housing First* na nosa cidade e ir avaliando progresivamente as necesidades de vivenda deste colectivo.

**8. EDAR Silvouta +400.000 €**

Na actualidade a capacidade de tratamento da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) da Silvouta supérase nun 69% o que na práctica, significa que chegan augas residuais de 174.555 habitantes-equivalentes, cando o seu deseño é para 103.200 habitantes-equivalentes, isto é 51.600 m<sup>3</sup>/día. No anterior mandato municipal o goberno de Compostela Aberta asentou as bases para solucionar este problema conveniando con Acuaes e Augas de Galicia unha nova EDAR, que terá un menor impacto ambiental e contará coa tecnoloxía máis moderna. A previsión é que as obras estean adxudicadas no verán de 2020 polo que a Xunta de Galiza debería incluír unha partida para cubrir a súa parte posto que o 20% das obras se financian con fondos autonómicos.

**9. Nova Escola Oficial de Idiomas (EOI) para Santiago e comarca +500.000 €**

O Pleno da Corporación de Santiago ten aprobado unha declaración institucional, xa que logo consensuada por todos os grupos municipais, para esixirle á Xunta de Galicia a dotación dunhas mellores instalacións para a Escola Oficial de Idiomas do noso municipio. Unha nova dotación que sexa acorde en tamaño e recursos educativos á demanda existente, e que reúna os requisitos esixidos pola normativa vixente para poder impartir ensinanzas de idiomas con garantía de calidade. A EOI actual está deseñada para 1.200 alumnos e fronte a isto as solicitudes de matrícula superan as 5.000. En 2009, a Xunta e o Concello asinaron o protocolo para construír a nova Escola Oficial de Idiomas en Santa Marta. En 2012 incluíuse unha partida de 200.000 euros nos orzamentos da Xunta. O proxecto nin se citou nas contas dos anos 2016, 2017, 2018 nin do 2019.

**10. Ampliación do Conservatorio de Música +500.000 €**

A ampliación do Conservatorio de Música é unha demanda histórica da cidade, dende case o mesmo ano da súa inauguración alá por 2004. O actual edificio ten unha capacidade para 300 alumnos e alumnas, pero acolle desde hai máis dunha década a medio milleiro. Aínda así, ten enormes listas de agarda porque a demanda de matrícula é moi elevada. O centro depende directamente da Consellaría de Educación, e o Concello xa ten manifestado a súa dispoñibilidade para ceder a parcela anexa ao edificio actual para posibilitar a ampliación do Conservatorio. Nin en 2016, nin en 2017, nin en 2018, nin en 2019 a Xunta incluíu o proxecto nos seus orzamentos.

**11. Cidade da raqueta +500.000 €**

A "Cidade da Raqueta" busca solucionar a carencia de equipamentos específicos para a práctica do bádminton, squash e o tenis de mesa en Santiago, e en Galiza en xeral, incluíndo espazos para oficinas, aulas de formación, salas sanitarias, zona residencias, etc. Estamos diante dun proxecto

de cidade que poderá acoller todo tipo de competicións tanto a nivel de clubs como seleccións. Un centro que sexa de tecnificación deportiva e que conte coa posibilidade de residencia temporal para deportistas. O Concello de Santiago xa ten un primeiro anteproxecto da 'cidade da raqueta' que estaría localizada na contorna do Estadio Municipal de San Lázaro e ten aprobada a modificación do PXOM necesaria para levar adiante o proxecto. Agora toca manter o compromiso de todas as administracións con este novo equipamento deportivo que dará servizo non só a Compostela senón a todo o país.

## 12. **Política de industrialización +500.000 €**

Segundo os datos da Cámara de Comercio, en 2015 había en Santiago 12.950 empresas, das que só un 6,2 % pertencían ao sector da industria. No conxunto de Galicia, esa porcentaxe elévase ao 14,2%. Eses datos revelan que é precisa unha estratexia encamiñada a incrementar o peso do sector industrial en Compostela, sobre todo cando hai sectores nos que a cidade é punteira como a transformación da madeira, a biomedicina, ou a domótica industrial, e nos que se podería especializar o polígono da Sionlla. En xaneiro de 2017, o Concello de Santiago, o IGVS, o IGAPE, a Universidade de Santiago, a Cámara de Comercio e a Asociación Área Empresarial do Tambre asinaron un acordo de colaboración para a reindustrialización, promoción do asentamento de empresas e captación de proxectos de investimento para Compostela. Ese acordo contemplaba a creación dunha oficina de captación de investimentos para atraer proxectos empresariais a Santiago a través de campañas de promoción e traballos de asesoramento entre investidores estatais e estranxeiros. Tendo en conta que o convenio fixaba o horizonte de 2020 para incrementar ata o 9% o peso da industria no sector empresarial, faise imprescindible que a Xunta habilite unha partida nos seus orzamentos, que estimamos en 500.000 euros.

## 13. **Financiamento municipal +3.000.000 €**

A partida destinada á capitalidade e as achegas ao Consorcio son dúas ferramentas fundamentais para que o financiamento municipal consiga satisfacer as necesidades de Santiago. Os orzamentos de 2020 consignan unha partida de 2.392.425 € para o financiamento da capitalidade, a mesma cantidade que a Xunta ven achegando desde 2014 e que queda moi lonxe das necesidades reais. Xa en 2008, un estudo do profesor da USC Luís Caramés sinalaba que Santiago afrontaba uns gastos de 5,5 millóns de euros anuais por ser a capital de Galicia. No caso do Consorcio de Santiago a achega da Xunta só aumenta 100.000 € á cantidade que se mantén desde o 2016. Entre os anos 2000 e 2009, a achega foi de 6,5 millóns de euros moito mais que os 1,8 millóns actuais. Propoñemos aumentar estas dúas partidas co Horizonte do 2021, como mínimo, en 1,5 millóns de euros cada unha. Considerando que ambas son ferramenta indispensables para o discorrer dese ano.